



COA TÚA AXUDA COIDAMOS  
MONDARIZ BALNEARIO

# XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

[concello@mondarizbalneario.gal](mailto:concello@mondarizbalneario.gal)

teléfono 986 656 136

## CONTEDORES SELECTIVOS

### VIDRO - Verde

Depositar individualmente e sen tapas os frascos e botellas de vidro no contedor. Non incorporar restos de vaixela (punto limpo).



### PAPEL - Azul

Depositar papel, folletos, cartón, caixas ou embalaxes pregados, limpos e sen restos de alimentos.




### ENVASES - Amarelo

Depositar envases baleiros de plástico lixeiro, latas metálicas de conserva e briks de bebidas individualmente ou en bolsas.



### RESTOS NON RECICLABLES

Depositar en bolsas pechadas os artigos de hixiene persoal, cueiros, compresas, po e outros residuos non compatibles co punto limpo.



## COMPOSTAXE

### RESIDUOS ORGÁNICOS


Depositar os restos de alimentos, bolsas de té, cunchas de ovo... nos composteiros comunitarios ou individuais, cubríndoos coa mesma cantidade de material estruturante, dispoñible no contedor de tapa laranxa próximo ao composteiro.



### OUTROS CONTEDORES

Nalgunhas áreas pódense atopar contedores específicos para roupa, aceite ou pilas.

Os medicamentos deben depositarse nos contedores situados nas farmacias locais.



## PUNTO LIMPO

Xoves de 9:00 a 14:00 horas

No punto limpo pódense deixar os residuos voluminosos dos fogares, como mobles, colchóns, restos de poda ou madeira. Tamén se recollen produtos electrónicos, cables, bombillas e electrodomésticos.

Os produtos perigosos como pinturas, disolventes, baterías, radiografías ou pesticidas, deben depositarse neste punto.



Para concertar recollidas a domicilio, pode contactar co Concello por teléfono 986 656 136 ou no enderezo electrónico [concello@mondarizbalneario.es](mailto:concello@mondarizbalneario.es)

